

PAN POR PAN

Marcos Valcárcel

Esoutro día foi presentado en Maceda un novo estudo de Santiago Prol arredor do poeta galeguista Xosé Lois Parente, que foi tamén funcionario de telégrafos, farmacéutico e avogado. Por compromisos previos, non puiden asistir a ese acto pero si ler o traballo que o propio autor me fixo chegar: unha visión detallada da vida d'un galeguista que foi relevante defensor dos ideais católicos dentro do Partido Galeguista. O núcleo ourensán foi naquela hora a praza forte do sector conservador do nacionalismo. De feito, naquel momento histórico, como sucedera antes co socialcatolicismo, algúns católicos viron no galeguismo unha fórmula viábel para frear o avance da esquerda obreira. Desde o "Heraldo de Galicia" chamaba Parente aos cristiáns a organizarse con estas palabras: "Olla que se adianta o inimigo () Non deixemos que pasen diante, como fixemos coa liorta social, os desprovistos da idea de Deus".

